



**Ricardo Domeneck** naceu en Bebedouro (São Paulo) en 1977, e dende 2002 vive e traballa en Berlín. Publicou os libros *Carta aos anfíbios* (2005), *A cadela sem Logos* (2007), *Sons: Arranjo: Garganta* (2009), *Cigarros na cama* (2011), *Ciclo do amante substituível* (2012) e *Medir com as próprias mãos a febre* (2015). Sendo co-editor das revistas literarias *Modo de Usar & Co.* e *Cabaret Wittgenstein*, colaborou noutras tantas brasileiras como *Cacto* (São Paulo), *Inimigo Rumor* (Rio de Janeiro), ou *Entretanto* (Recife), así coma nas estranxeiras *Quimera* (España), *Green Integer Review* (Estados Unidos) e *Belletristik* (Alemaña), entre outras. Ademais, poemas seus foron traducidos ao alemán, inglés, castelán, catalán, francés, holandés, sueco, esloveno e árabe. Canto a libros completos e individuais en tradución, en 2013 saíu en Alemaña a súa propia antoloxía: *Körper: ein Handbuch*, outra semellante viu a luz en flamenco na Holanda, e en España verteuse ao castelán o seu último título, *Ciclo del amante sustituable* (2014). Pola súa banda, Domeneck traduciu para o portugués poemas de autores entre os que podemos mencionar Hans Arp, Friederike Mayröcker, Frank O'Hara ou Jack Spicer.

Poeta curtido sobre os escenarios, presentou recitais e performances en cidades coma Bos Aires, México DF, París, Bruxelas, Barcelona, Ljubljana ou Dubai. Mais tamén traballa adoito apoiándose no vídeo, ou explorando a fronteira textual entre o oral e o escrito, traballos que ten mostrado en espazos como o Museo de Arte Moderna do Río de Janeiro, o Museo Reina Sofía en Madrid, o Museo Experimental El Eco en Cidade de México ou a Akademie der Künste de Berlín.

*Aqui em Vigo,  
eu meço o nível:  
chega já o dilúvio.  
Aprendamos hinos  
como nos códices  
de Martim Codax e  
do rei-cantor, Dinis.  
Afundaremos mais  
juntinhos, e felizes.*



## (RICARDO DOMENECK)

Luns **14** de marzo  
20:30

ÁGORA

[www.centroagora.es](http://www.centroagora.es)

## POETAS DI(N)VERSOS



*Rosalía Fernández Rial*



Nada en Carballo en 1988, **Rosalía Fernández Rial** medrou entre Bergantiños e Muxía para marchar logo a estudar Filoloxía á Universidade de Santiago. Acordeonista, teatreira e escritora, na súa etapa de formación investigara sobre teatro clásico e realizou diferentes traballos académicos vinculados ao Grupo de Investigación Calderón de la Barca. Unha vez licenciada, os seus intereses desprázanse cara a didáctica das linguas, da literatura e da expresión dramática, primeiro no seu Traxecto Fin de Máster e logo xa na Tese de Doutoramento, mentres afonda na súa preparación física e actoral.

Como autora, en especial de poesía, publica *En clave de sol* (2009), *Átonos* (2011), *Vinte en escena* (2012), *Un mar de sensacións* (2012) e *Ningún amante sabe conducir* (2014), ademais de contribuír nunha chea de títulos colectivos como *Follas de Carballo* (2011), *Contos de Taberna* (2014) ou *Catálogo* (2015). Sempre inqueda á hora de interpretarse, a estas obras Rosalía dótaas de corpo, voz e representación levándoas aos escenarios a través de diversas presentacións performáticas e musicais. Neste paso da grafía á acción e á interacción, vai atoparse co músico Serxio Moreira (Bilbao, 1977), para crearen xuntos o proxecto ELO: unha formación poético-musical e escénica que vén de publicar o seu primeiro traballo discográfico, dispoñible –xunto cos videoclips realizados– na web da autora: [www.rosaliafernandezrial.com](http://www.rosaliafernandezrial.com) Así, na actualidade, ELO anda a percorrer boa parte da xeografía galega con traballos como *Átonos*, *Vinte en escena* ou *Ningún amante sabe conducir*.

#### ESCENA VII: (ESQUINA)

*As esquinas da rúa  
que fago pola noite  
son as proas da cidade.  
Eu, o máis fermoso mascarón.  
Nacín madeira de serea;  
o meu canto fuma  
rosas dos ventos  
en solapas descoñecidas.  
Desorientadas xa.  
E os peixes que teño nos beizos  
Coñecen  
todos os buratos do suburbio.  
Porque cada crepúsculo  
atracan, nas miñas costas,  
demasiados barcos desnortados.  
Din que me movo  
en danza oceánica;  
que bico coa vertixe do nordés.  
Comprenden que cobre  
por fabricar amor.  
Pero ninguén sabe  
con cantos piratas  
teño que deitarme  
antes de poder durmir.*



## (ROSALÍA FERNÁNDEZ RIAL)

Luns **14** de marzo  
20:30

ÁGORA

[www.centroagora.es](http://www.centroagora.es)

## POETAS DI(N)VERSOS



*Ricardo Domeneck*

